

## XORNADAS SOBRE O NOVO REGULAMENTO DA LEI DE CONTRATOS DAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS

(EGAP, Santiago de Compostela, 3 e 4 de decembro de 2001)

**Juan Manuel González Hiltner**

Bolseiro de investigación da EGAP

**N**un período de intensa actividade legislativa contemplamos abafados a reforma de boa parte das normas de cabeceira da disciplina de contratos. A consecución dos fins que a nosa Constitución lle asigna ó sistema das administracións públicas, unido ó condicionado do dereito comunitario, en constante cambio e expansión, motivaron, tamén no ámbito da contratación, importantes innovacións normativas. Desde a promulgación da Lei 13/1995 de contratos das administracións públicas, fóronse sucedendo ata sete reformas parciais do seu articulado. A destas modificacións operada pola Lei 53/1999, do 28 de decembro, de profundo calado tanto cuantitativo –modifica máis de 110 artigos– coma cualitativo, autoriza na súa disposición final ó Goberno para que no prazo de seis meses, a partir da súa publicación, elabore un texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas, e inclúe a facultade de regularizar, aclarar e harmoniza-los textos legais. Do exercicio desta delegación nace o Real decreto legislativo 2/2000, do 16 de xuño, texto vixente da Lei de contratos das administracións públicas (en diante TRLCAP), que derroga tódalas disposicións anteriores.

O Real decreto legislativo 2/2000 ten como principal obxectivo o de refundi-las numerosas reformas legais introducidas na Lei 3/1995, do 18 de maio, e aprobar así un texto único da Lei de contratos das administracións públicas.

As xornadas realizadas pola Escola Galega de Administración Pública, con grande éxito de asistencia e participación, atenden, en última instancia, á necesidade evidente de dar conta das importantes reformas sufridas polo regulamento da contratación administrativa.

A sesión inaugural comezou coa cálida acollida dispensada polo director da EGAP, **Domingo Bello Janeiro**, que expresou a vontade da EGAP de continuar coa formación especializada nunha materia de enorme significación na actuación das nosas administracións públicas. Así mesmo, o responsable da EGAP presentou as liñas principais das xornadas e os diferentes temas de reflexión escollidos, co obxectivo de profundar, da man de reputados especialistas, nas cuestións máis relevantes da disciplina da contratación pública, con especial énfase, nas dificultades que a súa aplicación práctica poida suscitar.

O primeiro relatorio das xornadas correu a cargo de **Martín Bassols Coma**, catedrático de dereito administrativo na Universidade de Alcalá de Henares. A súa intervención centrouse no réxime xurídico da clasificación das empresas contratistas: criterios de clasificación e procedemento administrativo, cunha mención do Rexistro oficial de empresas clasificadas e o Rexistro público de contratos.

Antes de entrar na propia análise dos epígrafes, procedeu a destacar algunhas notas normativas sobre o novo Regulamento xeral da lei de contratos das administracións públicas, aprobado por RD 1098/2001 do 12 de outubro<sup>1</sup> (en diante RXLCAP). O seu obxecto (art.1.1) é o desenvolvemento e execución do texto refundido da Lei de contratos das AA.PP, aprobado por RD legislativo de 2/2000 do 16 de xuño.

A continuación efectuou unha análise da regulación, eficacia derogatoria e réxime transitorio. A materia de clasificación recóllese nos arts. 25 a 33 do TRLCAP e nos arts. 25 a 53 do RGC. Ademais: DA (Disposición adicional 3<sup>a</sup> (duración e efectos do silencio), DA 4<sup>a</sup> modificación das categorías e disposición transitoria única -aplicación transitoria das normas e certificacións de clasificación-. Quedan derogadas as ordes ministeriais do 28 de marzo de 1986 e 16 de novembro de 1972 e 19 de decembro de 1993.

En canto ó réxime transitorio: a) como regra xeral os expedientes de contratación iniciados (se se publicara a licitación do contrato) e os contratos adxudicados con anterioridade á entrada en vigor do regulamento

<sup>1</sup> BOE 26 de outubro de 2001.

xeral adxudicaranse por normativa anterior, e b) ata que caduquen por razón do prazo as certificacións de clasificación para contratos de servizos, expedidos con anterioridade á entrada en vigor do art. 37 deste regulamento xeral (dentro de seis meses), os órganos de contratación deberán admitir indistintamente os certificados de clasificación expedidos de acordo coas normas anteriores ou de acordo co art. 37, ó termos en conta a táboa de correspondencia do anexo II e os pregos de condicións particulares deberán facer referencia destas circunstancias.

En canto ós supostos, exencións e dispensa de clasificación de contratistas, o profesor Bassols Coma dixo que como norma xeral aparece o suposto de contratos de obra ou de servizos<sup>2</sup> con orzamento igual ou superior a 120.202'43 EUR (20.000.000 ptas.), o dito límite poderá ser elevado ou diminuído para cada tipo de contrato polo Ministerio de Facenda, trala audiencia das CC.AA. Sen embargo, quedan excluídos:

a) obxectivamente: servizos financeiros (art.206.6); servizos xurídicos (art. 206.21) e os que teñan por obxecto a creación e interpretación artística e literaria e dos espectáculos (art. 206.26). Ademais, por RD poderán exceptuarse da clasificación para determinados grupos e subgrupos de obras e servizos ou ben esixirse no de obras, consultoría e asistencia e servizos nos que non sexa esixible, debido a circunstancias concorrentes nos ditos grupos ou subgrupos.

b) subxectivamente: empresarios non españois da UE (ou de estados signatarios do Acordo sobre o espazo económico europeo) e as universidades.

En canto á dispensa de clasificación:

a) excepcionalmente e por razóns de interese público, autorizado polo Consello de Ministros, tralo informe da xunta consultiva ou no ámbito CC.AA. por organismos competentes.

b) nova adxudicación de contrato deserto, con precisión prego particulares e anuncio de criterios selección de medios de acreditación previstos no art. 16 e 19 do TRLCA.

O órgano competente no ámbito da Administración do Estado é a xunta consultiva do Ministerio de Facenda, a través das comisións de contratistas de obras e servizos<sup>3</sup> e a proposta do secretario da xunta consultiva<sup>4</sup>. Serán susceptibles de recurso de alzada ante o Ministerio de Facenda. Nas CC.AA., serán competentes as respectivas xuntas que se crearan<sup>5</sup>.

<sup>2</sup> Compreendido no art. 196.3 do TRLCA.

<sup>3</sup> Disposición adicional 4ª.

<sup>4</sup> Art. 49 Regulamento xeral de contratos (RXC).

<sup>5</sup> Art. 10.3.

En canto ó procedemento<sup>6</sup>, pode ser a petición propia, conforme á Lei 3º/1992, Lei de procedemento administrativo común (LPAC), e formulario tipo da xunta de contratación. A duración máxima é de seis meses, transcorrido este prazo considéranse aceptadas se non se dicta unha resolución expresa<sup>7</sup>. Existen posibilidades de denegación cando son continuación, transformación, fusión ou sucesión doutras empresas e se acorde a suspensión da clasificación.

Seguidamente, o profesor Bassols mencionou os efectos xerais dos acordos de clasificación adoptados polas CC.AA (art. 50 RX). Unha vez remitido o expediente á xunta de contratación do Ministerio de Facenda, deberá adopta-lo procedemento nun prazo de 45 días e limitarse a pronunciarse sobre a procedencia da súa inscrición no Rexistro oficial de empresas cualificadas. Se nas tramitacións se aprecia que non procede adopta-lo acordo, daráselle audiencia á CC.AA. respectiva e suspenderase o prazo do procedemento.

Respecto da duración, revisión e comprobación das clasificacións, o profesor Bassols referiu o seguinte: o prazo de duración das clasificacións é de dous anos e poden ser revisadas, a petición das empresas ou pola propia Administración (art. 48 RX), e tramitarase de igual forma que os expedientes de clasificación e deberáselle dar audiencia ó interesado na revisión a proposta da Administración. Para a efectividade desta revisión o art. 32 do texto refundido da Lei de contratos concédelle á Administración potestades de comprobación.

As mesas de contratación, segundo o art. 51 do RX, serán as competentes na cualificación previa dos documentos presentados polos licitadores para comprobar se están comprendidos nos subgrupos e categorías esixidos nos «pregos de cláusulas administrativas particulares», e procederase a rexeita-las que non cumpran os requisitos. Esta comprobación verificarase conforme ós arts. 25 a 46 e en relación ás unións de empresas (art. 52).

Polo que respecta á suspensión das clasificacións o art. 33 do TRLCA e 53 do RX regulan o réxime xurídico da suspensión das clasificacións, nos que se contempla a audiencia do contratista e dos auxilios mutuos entre as administracións públicas respecto ó acordo de suspensión e publicidade rexistral.

O art. 34 do TRLC regula o Rexistro oficial de empresas clasificadas que no ámbito da Administración xeral do estado será levado pola xunta consultiva de contratación administrativa e dependerá do Ministerio de Facenda, e o dito rexistro é de carácter público. Conforme ó art. 34.2, as comunidades autónomas poderán crear así mesmo os seus propios rexis-

---

<sup>6</sup> Art. 47 RXC.

<sup>7</sup> Disposición 3ª do Regulamento xeral.

tros oficiais de empresas clasificadas. Entre os ditos rexistros a alínea 4 do dito artigo sanciona o deber de colaboración e de información mutua.

Respecto ó contido da inscrición o art. 34 da LC límitase a dicir que se inscribirán tódolos empresarios clasificados e a inscrición expresará «o contido da clasificación respectiva, así como cantas incidencias se producen durante a súa vixencia». O art. 54 do RXLC vén a especifica-lo contido das ditas inscricións que deberán conte-los seguintes datos: nome ou razón social do empresario –numero de NIF–, domicilio –grupos ou subgrupos, con expresión da categoría obtida–, –data e prazo de vixencia da clasificación– e acordos de prohibición de contratar e de suspensión de clasificacións.

Polo que afecta á inscrición no dito rexistro dos acordos das CC.AA. para que teñan efectos xerais, estarase ó disposto nas alíneas 5 e 6 do art. 50 do regulamento.

O art. 118 do TRLC contempla «para permiti-lo coñecemento dos contratos asinados polas distintas AAPP e dos seus adxudicatarios» –é dicir, con finalidades de transparencia– a existencia dun rexistro público de contratos pola xunta consultiva de contratación do Ministerio de Fazenda, sen prexuízo de que as distintas AAPP poidan (CCAA, entidades locais, organismos autónomos) constituí-los propios rexistros en réxime de coordinación entre eles.

Os arts. 114 a 117 do RXCA desenvolven o anterior precepto, e indica o art. 114.1 que, con exclusión dos contratos menores se farán consta-los seguintes datos: contido básico do contrato –cumprimento dos contratos–, modificacións, prórrogas do contrato ou do seu prazo de execución e a súa resolución. Respecto dos contratos adxudicados por empresas alleas ás administracións públicas no que se refire ós sectores da auga, enerxía, transportes e as telecomunicacións, as anotacións serán para os efectos estatísticos reflectidos na Directiva 93/38 CE. O art. 115 fai referencia á coordinación entre rexistros e ás súas respectivas inscricións e o art. 116 á inscrición de contratos derivados da adquisición de bens ou prestación de servicios de utilización común polas AAPP.

En canto á publicidade o art. 117 contempla a publicidade dos datos para os efectos estatísticos e da Administración tributaria, de acordo coa lexislación xeral ou cando esta última os reclame. O acceso público das consultas, con carácter xeral, está condicionado á concreta consulta dos datos. Sen embargo, cando se refiran a contratos adxudicados polo procedemento negociado de carácter secreto ou reservado no contrato de obras (art. 141.1.f), no de xestión de servicios públicos (art. 159.2.c), contrato de subministración (art. 182.h) e servicios (art. 210.c) requirírase unha autorización para o acceso á dita información.

Tras un breve descanso, o profesor Bassols Coma continuou coa segunda parte da súa intervención, dedicada ás garantías esixibles nos con-

tratos coas administracións públicas. O TRLC, aprobado por RD lexislativo 2/2000, do 16 de xuño, no capítulo III, do libro I, título 11, contempla as «garantías esixidas polos contratos coa Administración» (arts. 35 a 47), preceptos todos eles de carácter básico, a excepción do art. 37 (dispensa de garantía definitiva en contratos de consultoría, asistencia nos servizos e contratos administrativos especiais), art. 38 (garantías nos contratos de xestión de servizos públicos) e art. 41 (prazo de constitución da garantía definitiva, que é de quince días). Conforme á disposición final 132, d) as porcentaxes das garantías fixadas nos respectivos art. 35.1 (2%); art. 36 (4,6 16,20 %) e art. 83.5 (20%) teñen carácter máximo. A disposición adicional 143 fixa a retención adicional do crédito do 10 % do importe de adxudicación nos contratos de obra de carácter plurianual.

Pola súa parte, o RXLCA, RD 1098/2001 do 12 de outubro, desenvolve os preceptos da lei nos arts. 55 a 65, os que son de carácter básico, salvo os prazos dos arts. 56.2 e 57.1 de trinta días naturais e no art. 58.2 a expresión por unha soa vez en relación á verificación de poderes en avais e seguros de caución. En relación ó contido das innovacións do RX son moi escasas xa que se limita a incorpora-lo RD 390/1996 de desenvolvemento parcial da Lei 13/1996, e introdúcense só algunhas adicións e complementos nos arts. 59, 60, 62 e 64.

Os contratos comprendidos no ámbito de aplicación do RXLCA para acudir ós procedementos abertos ou restrinxidos en contía superior ou igual a: contrato de obras (891,521,645 ptas. ou 5,358,153 euros, segundo art.135.1 TRLC), subministración (35,660,846 ptas. ou 214,326 euros -23,179,566 ptas ou 139,312 euros, cando neste último caso sexan adxudicados pola Administración do Estado. Organismos autónomos, entidades da SS e demais entidades públicas) e contrato de servizos (art. 202.2)- deberá acreditar unha garantía provisional equivalente ó 2% do orzamento do contrato (o establecido pola Administración como base da licitación, salvo que non se fixera esta previsión, se é así farase estimativamente) a disposición do órgano de contratación. Nos contratos de contía inferior á sinalada anteriormente, nos contratos administrativos especiais e nos privados será potestativa (art. 35.1,c) *in fine*. No contrato de xestión de servizos públicos rexeráse por criterios específicos (art. 38).

No procedemento negociado, calquera que sexa a contía, poderá esixirse a constitución da garantía que xurdirá o seu efecto ata a adxudicación (art. 35.4 do RXLCA).

A constitución da garantía global eximirá da constitución da garantía provisional, e producirá aquela os efectos inherentes a esta última (art. 35,6). Fóra destes supostos non haberá máis excepcións que as contempladas nos arts. 39 e 40 do RXLCA.

\*\*\*

A sesión da tarde comezou coa intervención de José Manuel Díaz Lema, catedrático de dereito administrativo da Universidade de Valladolid. O recentemente aprobado Regulamento xeral da lei de contratos das administracións públicas (Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro) supón a culminación das reformas normativas realizadas desde hai anos no ámbito da contratación administrativa. En virtude do real decreto lexislativo 2/2000, do 26 de xuño, aprobouse o texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas, e o seu regulamento xeral ve agora a luz.

En ámbolos dous casos trátase de normas esencialmente refundidoras: no caso do Decreto lexislativo 2/2000, este trae causa da Lei de contratos do Estado do 8 de abril de 1965 e das sucesivas reformas levadas a cabo, entre as que debemos destacar sobre todo a Lei 13/1995, do 18 de maio, así como as reformas introducidas nas distintas leis de disciplina orzamentaria, ou de medidas administrativas, fiscais e de orde social dos anos 1996 e seguintes.

Todas estas reformas introducidas na lexislación de contratos obedecían, por un lado, á necesidade de trasladar ó noso dereito diversas directivas comunitarias; por outro, ó perfeccionamento dos mecanismos de transparencia, e en último lugar, faise patente xa a necesidade de incorporar toda unha serie de normas dispersas que se viñan dictando desde os anos 1960, en definitiva, a necesidade de refundir esta consolidada lexislación. Aproveitando esta circunstancia o lexislador español ensaia unha nova sistematización nesta materia. Se a lexislación de contratos tradicional estaba construída sobre a regulación das obras públicas, de tal xeito que a regulación do resto dos contratos se facía por relación ó anterior (establecía, polo tanto, engadidos ou excepcións ó primeiro), nas reformas citadas e, por suposto, agora no texto refundido de 2000 preténdese avanzar na sistematización de toda esta materia e separar a parte xeral relativa ás normas comúns a tódolos contratos administrativos, mentres que a segunda se dedica a cada un dos contratos en concreto.

Hai momentos en que esta sistematización quebra, sobre todo pola riqueza dos contratos de obras públicas que resiste mal esta sistematización e porque hai certos trazos dos outros contratos (xestión de servizos públicos) que non acaban de encaixar de todo no molde citado. Á marxe desta apreciación, o que é evidente é que esta sistematización da contratación administrativa pon de manifesto e reforza, se cabe, a singularidade da contratación administrativa, cunhas normas comúns que son de aplicación a todo tipo de contratos administrativos.

Pois ben, os mesmos trazos refundidores advértense no regulamento do 2001. Tal como explica a exposición de motivos do regulamento atopámonos, en primeiro lugar, cun conxunto de disposicións que desen-

volveren as remisións ó regulamento contidas na Lei de contratos. En segundo lugar, a maraña de disposicións regulamentarias que proceden da lexislación incluso dos anos 60, incorporouse tamén ó regulamento. Trátase, en definitiva de contar cun texto refundido neste sentido material que nos permita obvia-la maraña de disposicións regulamentarias aludida. Por descontado, incorpóranse tamén aquelas disposicións que trasladan directivas comunitarias. De tódolos xeitos, o axente impulsor das reformas na contratación administrativa foi por riba de *outros* o dereito comunitario. En último termo, este afán compilatorio do regulamento lévao a incorporar preceptos dos pregos de cláusulas administrativas xerais, que se consideran merecedores da súa inclusión no regulamento, o que supón a súa inescusable observancia. Levando ata o final este proceso refundidor ou compilatorio, como di a exposición de motivos no seu último parágrafo, incorpora os criterios da xunta consultiva de contratación administrativa contidos en diversos acordos e ordes ministeriais.

Desde o punto de vista da técnica normativa seguida, Díaz Lema sinalou que o regulamento non reproduce os preceptos legais para a continuación desenvolveselos, como foi bastante habitual no noso dereito, senón que, seguindo a mesma sistemática da lei ou texto refundido, vai engadindo paso a paso todas aquelas precisións regulamentarias que considera necesarias.

Con carácter introductorio tampouco debe esquecerse que o regulamento como o texto refundido de 2000, arranca do artigo 149.1.18<sup>a</sup> da CE (lexislación básica de contratos administrativos), o que é por suposto tanto de aplicación ós preceptos legais coma ós regulamentarios. A este respecto a disposición final 3<sup>a</sup> do texto refundido de 2000 deixa ben claro que terán carácter básico as normas regulamentarias que constitúan complemento ou desenvolvemento das normas legais ás que se lles atribúa o carácter de básicas. Isto é, haberá que analizar en caso de dúbida, de acordo coa disposición final 1<sup>a</sup> do texto refundido, se o artigo ou alínea en cuestión ten carácter básico ou non, ou o que é o mesmo, se corresponde, por tanto, ó ámbito da lexislación autonómica. Non é o momento de detérmonos nesta singular forma de supletoriedade que crea o texto refundido de 2000, que parece inspirarse máis ben no criterio tradicional do Tribunal Constitucional da supletoriedade do dereito do Estado máis que no novo que empeza a aplicarse a partir do ano 1996 e calla na STC 61/1997 (lexislación do solo).

A continuación, o profesor Díaz Lema pasou a expoñe-las singularidades do regulamento, tendo ben presente en todo momento o texto legal sen o que aquelas innovacións aparecen faltas de referencia.

En primeiro lugar tratou os «pregos de cláusulas administrativas e técnicas xerais e particulares». A *formación da vontade da Administración* é un proceso complexo, e isto reflíctese na contratación administrativa na



existencia duns pregos previos á contratación que no esencial orientan os órganos intervinientes. Por outra parte, é moi importante asegurar certos trazos de uniformidade na contratación administrativa, que facilitan igualmente os pregos.

O noso dereito, di Díaz Lema, vén distinguindo os seguintes tipos de pregos: por un lado, os administrativos e os técnicos; por outro os pregos xerais e os particulares. De acordo con isto, a lei nos artigos 48 e seguintes fai referencia ós pregos de cláusulas administrativas xerais, de cláusulas administrativas particulares, de prescricións técnicas xerais e de prescricións técnicas particulares.

No que se refire ó primeiro, prego de cláusulas administrativas xerais, a lei limítase no artigo 48 a atribuírlle ó Consello de Ministros a súa aprobación, a iniciativa dos ministerios interesados (e remite en canto ás comunidades autónomas e entidades locais ós seus órganos respectivos). O contido destes pregos, como sinala o Regulamento no artigo 66, é un conxunto de declaracións xurídicas, económicas e administrativas aplicables, en principio, ós contratos dun obxecto análogo. Entre os pregos xerais debemos destacar pola súa importancia o de obras do Estado, aprobado polo Decreto do 31 de decembro de 1970, ou o de contratación e mantemento de equipos e sistemas informáticos aprobado polo Decreto do 5 de outubro de 1973. Algunhas das disposicións do primeiro, o de obras do Estado, foron incorporadas ó regulamento por considerar que tiñan carácter regulamentario. De feito, os pregos foron a fonte da regulación dos contratos administrativos.

O artigo 66.2 do Regulamento de contratación establece o contido en concreto destes pregos: execución do contrato, dereitos e obrigacións das partes, modificación, resolución, extinción, etc. Trátase en definitiva dun conxunto de normas complementarias á lei e ó regulamento, vertendo ou especializando en cada tipo de contrato as disposicións legais ou regulamentarias.

Moito máis amplo e preciso se mostra o regulamento na determinación das cláusulas administrativas particulares, no moi longo artigo 67. O prego administrativo particular é o que define o contido do contrato, como o seu propio nome indica, e por iso ten que ser aprobado polo órgano de contratación competente, segundo o artigo 49.2 da lei, e sempre antes da perfección ou licitación do contrato. Pois ben, o regulamento no artigo citado vai establecendo con todo detalle para cada un dos contratos administrativos típicos o contido do prego administrativo particular. Mellor dito, seguindo o propio esquema da lei, primeiro establece o contido común de tódolos contratos administrativos típicos, no artigo 67.2 e a continuación os trazos diferenciais de cada un deles.

Finalmente, o profesor Díaz Lema engadiu dúas observacións sobre os pregos de cláusulas, administrativas. O artigo 49.3 da lei admite a

existencia de modelos tipo que substitúen ós pregos particulares en contratos de natureza análoga. Trátase dunha figura intermedia entre o prego xeral e o particular, que en organismos administrativos cun volume importante de contratación debe ter unha ampla aplicación. En segundo lugar, o artigo 67 do regulamento insiste en varias ocasións na posibilidade de que as cláusulas do prego particular contradigan as do xeral, en desenvolvemento do artigo 50 da lei. O noso dereito de contratos administrativos sempre admitiu esta posibilidade, que ten o sentido de adecuar ás características de cada contrato o prego xeral, e en caso de que non sexa posible, simplemente establecer unha cláusula que pode contradicilo. Isto demostra a peculiar posición xurídica do prego xeral fronte ó particular, a imposibilidade de aplicar aquí criterios propios da estricte legalidade administrativa, simplemente porque nos atopamos no mundo da contratación e, polo tanto, a Administración debe gozar tamén dunha moi ampla discrecionalidade (dentro da lei, desde logo).

O regulamento dedícalle moita menor extensión ós pregos de prescricións técnicas, aínda que debemos resaltar que o prego xeral queda aquí escurecido polo prego particular, que debe referirse segundo o artigo 68 ás características técnicas dos bens ou prestacións do contrato, o prezo das unidades e o número das que serán subministradas. En canto ás obras engade as características que deben reuni-los materiais.

O artigo 52.1 da lei esixe que as prescricións técnicas se definan por referencia a normas nacionais que traspoñan normas comunitarias, documentos de idoneidade técnica europeos ou especificacións técnicas comúns, e engade que regulamentariamente se fixarían os casos nos que se podería prescindir deles. O regulamento concretou as ditas excepcións no art. 69 cunha importancia práctica notoria, e débese xustificar tal excepción no prego de cláusulas técnicas particulares. Finalmente, dentro das excepcións amparadas no art. 52.2 da lei, o art. 70 do regulamento exceptúa as subministracións de material para mantemento, repostos ou substitución de equipos existentes.

En canto á formalización dos contratos o art. 51 do regulamento desenvolve o art. 54 da lei, que establece como normas máis importantes a necesaria formalización en documento administrativo que pode ser levantado a escritura pública se así o solicita o contratista e co pago dos gastos derivados do seu outorgamento. A continuación, o regulamento establece os datos que deben constar no documento, e resume no substancial o contido dos pregos de cláusulas particulares, e o mesmo método que xa viramos anteriormente: unhas esixencias comúns para tódolos contratos típicos –e os especiais véxase a alínea 8 do art. 51–, e unhas esixencias engadidas para cada un dos contratos típicos: obras, etc. Como resulta que o prego de cláusulas particulares debe ser engadido ó documento contractual como anexo, segundo a alínea 90 do mesmo

precepto, parece evidente a redundancia. Pero en caso de dúbida entre prego ou documento haberá que entender que rexe o segundo.

A continuación o art. 72 do regulamento desenvolve algúns aspectos do art. 56 da lei en relación cos chamados «contratos menores», isto é, os de reducida contía previstos nos arts. 121, 176 e 201 da lei (ata cinco millóns nas obras; e ata 2 millóns nas subministracións e consultoría). A lei prevé que a formalización se fará a través da correspondente factura, que reúna os requisitos regulamentariamente establecidos.

O art. 72 do regulamento remite ó Decreto 2402/1985, sobre a emisión de facturas, e concreta os termos concretos que deben ter. Pero, o regulamento engade un par de cousas máis: exceptúa a factura en certas subministracións ou servicios cunha prestación que se acredite no tráfico comercial polo correspondente comprobante ou recibo, cos requisitos que esixe o mesmo precepto (alínea 3 do art. 72). Por último, a alínea 4 engade a posibilidade de asinar contratos menores referidos a un gasto de carácter xenérico, que en ningún caso poderá supera-los límites xa sinalados. Isto permite multiplica-los contratos menores, sempre que cada un deles respecte a contía establecida.

Polo que respecta ás actuacións administrativas preparatorias, nos arts. 67 e seguintes a lei prevé as actuacións preparatorias dos contratos. Trátase dunha fase previa á contratación propiamente dita, que se desenvolve no plano interno da Administración, pero que ten unha entidade xurídica evidente. Pois ben, nesta fase preparatoria deben incorporarse ó expediente de contratación os pregos particulares técnicos ou administrativos, a documentación do crédito e aprobación do gasto a que este se refire, art. 67.2. E no que agora nos interesa especialmente, o órgano de contratación debe «xustifica-la necesidade do contrato» (art. 67.1), sen maiores precisións. O regulamento no art. 73 desenvolve esta xustificación da necesidade do contrato.

Unha parte non desdeñable das reformas que se deron na lexislación de contratos está relacionada coa súa publicidade ó servicio das normas sobre transparencia que impón a pertenza á Unión Europea. A lei regula no art. 78 e concordantes a publicidade das licitacións, que nuns casos lles corresponderá ós boletíns nacionais, noutros ó *Diario oficial das comunidades europeas*. Só os contratos a que se refire o art. 78.3 da lei son de inserción obrigatoria no *Diario europeo* (obras, subministracións, consultoría, asistencia técnica e servicios, a partir dunha certa contía). Polo demais, hai que ter en conta que non só son obxecto de publicidade os anuncios indicativos, senón tamén a licitación e a adxudicación dos contratos (art. 93 da lei).

O art. 75 do regulamento deixa claro que correrá a cargo do adxudicatario do contrato a publicación dos anuncios a que se refire o art. 78 da lei e por unha soa vez. Polo tanto, as aclaracións ou rectificacións poste-

riores serán de conta da Administración (órgano contratante). Polo contrario, a publicidade dos anuncios indicativos e da adxudicación do contrato, a teor do art. 76 do regulamento, considérase publicidade oficial e a súa inserción será obrigatoria.

A continuación, no art. 78, o Regulamento regula aspectos relacionados coas informacións que os contratistas lle solicitan á Administración ou que esta deba facilitarlles. A publicidade nos boletíns oficiais correspondentes complementábase co deber da Administración de informar sobre as características dos contratos en tramitación. Así, no procedemento aberto os interesados poden solicitarlle á Administración a remisión da documentación (prego particular e documentos complementarios), que lles deben ser remitidos no prazo de seis días seguintes á recepción da petición. No caso dos procedementos restrinxido e negociado, xa que hai unha previa selección da Administración, esta debe remitirlles ós candidatos seleccionados a referida documentación.

O art. 81 da lei establece a composición e funcións da Mesa de contratación, que o art. 79 do regulamento desenvolve, nalgúns aspectos secundarios. En concreto, a lei remite ó regulamento para establece-lo número de vocais que a compoñen, que este fixa nun mínimo de catro vocais. Na alínea 2ª do mesmo art. 79 prevense dúas formas de designación de vocais das mesas ou ben de xeito específico para cada contrato, ou ben de forma permanente. Neste último caso ou se a mesa vai intervir nunha pluralidade de contratos, a súa composición debe ser obxecto de publicación no BOE.

En canto ás proposicións dos interesados, baixo esta rúbrica o regulamento, nos arts. 80 e seguintes, desenvolve o art. 79 da lei e outros concordantes. En primeiro lugar, régúlase a forma de presentación da documentación, deixando claro o regulamento que se entregan dous sobres, nos que se conterán, no primeiro, a documentación á que se refire o art. 79.2 da lei (acreditación da personalidade xurídica do empresario, cualificación da empresa, garantía provisional, etc.); no segundo, a proposición propiamente dita. Admite a alínea 4 do art. 80 o anuncio por correo electrónico da presentación da documentación, só se se admite no prego particular. Unha vez entregada ou remitida a documentación, remitiráselle ó secretario da mesa.

Para o caso do procedemento negociado rexe unha regra especial, acorde coas súas características: as ofertas presentaranse directamente ante o órgano de contratación.

Unha vez recibida a documentación, a mesa debe proceder á súa cualificación, de acordo co art. 81 do regulamento. Para estes efectos, o presidente ordenará a apertura do sobre que conteña a documentación do art. 79.2 (só deste, naturalmente), concedéndolle ós licitadores un prazo máximo de tres días para corrixir ou emendar defectos ou omisións reparables

ante a propia Mesa de contratación. A continuación, a mesa debe determinar as empresas que, axustándose ós criterios de selección, están admitidas, as rexeitadas e as causas do rexeitamento. Esta fase de cualificación da documentación e valoración da selección das empresas é interna.

A continuación débese proceder á apertura en acto público das proposicións de acordo co art. 83 do regulamento, poñendo de manifesto en primeiro lugar o presidente da mesa o resultado da cualificación dos documentos presentados. As ofertas rexeitadas quedan fóra do procedemento de adxudicación, de tal xeito que nin sequera se abren os sobres coas correspondentes proposicións. Neste momento procédese á apertura dos sobres coas proposicións, que poden ser rexeitadas nos supostos do art. 84 do regulamento (se non gardan concordancia coa documentación admitida, se exceden do orzamento, etc.). A desestimación destas propostas debe ser motivada.

En canto ós procedementos aberto, restrinxido e negociado, baixo este epígrafe os arts. 85 e ss. do regulamento desenvolven aspectos parciais dunha serie de artigos da lei estreitamente relacionados co procedemento.

En primeiro lugar, o art. 85 do regulamento desenvolve os criterios para apreciar unha proposición desproporcionada ou temeraria. O art. 83.3 da lei remite precisamente neste punto á regulación regulamentaria, que neste caso reviste gran transcendencia. A norma vai establecendo o carácter desproporcionado ou temerario en función do número de poxadores presentados. Se hai un só licitador, debe existir unha diferenza sobre o orzamento base superior ó 25%. Se concorren dous poxadores, a oferta debe ser un 20% inferior á do outro poxador. Se concorren tres, debe obterse a media aritmética das presentadas, de xeito que será desproporcionada ou temeraria a oferta inferior nun 10% á dita media. A mesma regra rexe con matices para o caso de que existan catro ofertas presentadas ou máis.

Agora ben, este criterio regrado e matemático pode ser sorprendentemente alterado de forma parcial polo órgano de contratación, de acordo coa alínea 5 do mesmo art. 85: o prego particular pode reducir estas porcentaxes nun tercio de forma motivada. Un problema especial xorde no caso de ofertas presentadas por empresas pertencentes ó mesmo grupo, no sentido do art. 42 do Código de comercio. O art. 83.3 remite neste punto ó regulamento, que no art. 86 establece que se considerará, para os efectos de determinar baixas desproporcionadas ou temerarias, unicamente a proposta máis baixa, e ás restantes aplícaselles, polo tanto, o procedemento de determinación de baixas desproporcionadas ou temerarias. A alínea 3 do mesmo art. 86 obriga a estas empresas a presentar declaración sobre estes extremos: hai que entender sobre a súa vinculación ó mesmo grupo económico e sobre as ofertas presentadas.

Na alínea 4 do mesmo art. 86, aplícase unha regra similar para os concursos. A Lei 53/1999 de reforma da lexislación de contratos preveu a aplicación do procedemento de determinación de baixas desproporcionadas ou temerarias tamén ós concursos, e o regulamento engade que será o prego particular o que estableza os criterios para valorar as proposicións formuladas por empresarios pertencentes ó mesmo grupo.

Outro aspecto importante é a proposta de adxudicación. O art. 87 do regulamento, como conclusión á intervención da Mesa de contratación no procedemento de adxudicación, prevé non só que esta sinalará a proposición de prezo máis baixo ou economicamente máis vantaxosa, senón tamén se lles permite ó resto dos poxadores a formulación de observacións ou reservas contra o acto celebrado. Hai, polo tanto, neste momento unha fase de reclamacións na adxudicación do contrato que se producirán por escrito nun prazo moi breve (dous días), que deben ser resoltas pola mesa. Con isto conclúe o procedemento de adxudicación, mellor dito, a intervención da mesa nel.

A especialidade nos concursos aparece mencionada nos arts. 88 a 90 do regulamento que establecen algunhas especialidades no procedemento de adxudicación dos concursos. O art. 88 refírese a aqueles concursos cun proxecto ou orzamentos que non puideran ser establecidos previamente pola Administración e deban ser presentados polos licitadores (art. 85.a) da lei). Ó non estar nesta fase determinado o obxecto do contrato, o art. 88 ordena que non se procederá á fiscalización do gasto, á súa aprobación, e á adquisición do compromiso correspondente ata que o concurso sexa adxudicado (cando se coñeza o importe e as condicións do contrato). O art. 89 refírese á admisión de variantes ou alternativas técnicas nos concursos.

Na segunda parte do seu relatorio, o profesor Díaz Lema abordou en primeiro lugar a execución e modificación dos contratos. Baixo esta rúbrica regula o regulamento unha serie de incidencias relacionadas co privilexio de execución e modificación dos contratos, e co incumprimento dos prazos. Ante todo, o art. 94 deixa perfectamente establecido o privilexio de dirección do contrato. Os arts. 97, 101 e 102 establecen diversas normas sobre as consecuencias da modificación dos contratos. É importante salientar que o art. 101 establece que a revisión de prezos non ten o carácter de modificación do contrato, e, polo tanto, non lle é de aplicación o que se acaba de sinalar.

Dentro deste mesmo capítulo sobre a execución e modificación dos contratos, os arts. 96, 98, 99 e 100 regulan as consecuencias do atraso na relación dos contratos. O primeiro, o art. 96, prevé a readaptación das anualidades en caso de atraso no comezo da execución do contrato, suspensións, etc. O art. 98 complementa o art. 95.3 da lei, que prevé en caso de atraso do contratista, ou ben a resolución do contrato ou a imposi-

ción de penalidades. Pois ben, neste último caso o regulamento engade a concesión da ampliación dos prazos para a terminación do contrato. O art. 99 prevé a forma de cobro das ditas penalidades: mediante dedución das certificacións de obra ou documento correspondente nos restantes contratos. Polo demais, deixa claro que o pagamento das penalidades está á marxe das indemnizacións esixibles pola Administración como consecuencia dos danos producidos (penalidades = art. 95 da lei; indemnización = art. 97 da lei). Por último, o art. 100 prevé o sistema de prórrogas do prazo de execución. Pode solicitalo o contratista nun prazo de quince días desde que se produciu o feito orixinario da prórroga. De non facelo enténdese que renuncia a este dereito, pero pode a Administración, aínda que o contratista non o solicitara no prazo, acordala prórroga dentro do último mes do prazo de execución (art. 100.3 do regulamento).

Finalmente, o art. 103 desenvolve o art. 102 da lei sobre a suspensión do contrato. Debe redactarse unha acta, que no contrato de obras debe ser especialmente precisa, segundo a alínea 2 do mesmo precepto, comprendendo a medición da obra executada, os materiais achegados e asinada polo director da obra, e non soamente polo contratista como sucede no resto dos contratos administrativos.

Respecto da extinción dos contratos e o cumprimento, os arts. 107 e 108 do regulamento engaden algunhas precisións sobre o establecido nos arts. 110 e ss. da lei. O cumprimento do contrato esixe a recepción ou conformidade por parte da Administración dentro do mes seguinte á entrega ou realización do contrato (110.2 da lei). O regulamento engade que se a recepción pola Administración se produce fóra do dito prazo, debe indemnizar ó contratista polos danos e perdas que a demora lle irroque.

Respecto da extinción dos contratos e a resolución o art. 111 da lei prevé as causas de resolución, e o art. 112 remítelle o procedemento ó regulamento. O art. 109 deste desenvolve a lei, e lembra en primeiro lugar que lle corresponde ó órgano de contratación a resolución (e no seu caso ó Consello de Ministros, como xa dicía o art. 12.2 da lei), e a continuación establece as fases deste procedemento: audiencia do contratista; audiencia do avalista ou asegurador se se propón a incautación da garantía; informe do servizo xurídico, dictame do Consello de Estado ou órgano consultivo da Comunidade Autónoma, só en caso de que o contratista lle formule unha oposición á resolución.

Entre as causas de resolución do contrato, o art. 111 da lei sinala a morte ou incapacidade sobrevida do contratista individual, pero o art. 112.2 *in fine* da lei aclara que a resolución aquí é potestativa, fronte ó que sucede noutros supostos como a quebra ou o concurso de acredores. A alínea 3 do mesmo artigo insiste novamente no carácter potestativo da

resolución, e atribúelle-la iniciativa para a continuación do contrato ós herdeiros do falecido ou ó representante do incapaz, e engade na alínea 2 que a resolución do contrato neste suposto non lle dá dereito a indemnización polo resto do contrato deixado de executar.

En canto ós efectos da resolución, o art. 113 da lei, na alínea 5, limítase a dicir que o acordo de resolución conterà un pronunciamento expreso acerca da procedencia ou non da perda, devolución ou cancelación da garantía constituída. O art. 111 do regulamento singulariza unha concreta situación, a da resolución no caso de quebra culpable ou fraudulenta do contratista, que leva consigo necesariamente a perda da garantía definitiva. En tódolos demais supostos de resolución correspóndelle á Administración arbitral-a solución adecuada. Polo tanto, os únicos casos en que se impón a perda de garantía *ex lege* son o incumprimento culpable do contratista (113.4 da lei), e a quebra do contratista (art. 111 do regulamento). Nos demais déixase ó criterio da Administración.

Outro suposto de resolución singular é o contido no art. 111.h) da lei (por causas establecidas no contrato), que o art. 112 do regulamento precisa algo máis, no sentido de que as consecuencias serán neste caso as establecidas no propio contrato, e no seu defecto aplicaranse a lei e o regulamento de forma analóxica. En relación con este mesmo suposto, o propio art. 112 do regulamento na alínea 2 imponlle ó contratista o deber de sixilo.

Por último, engade tamén o regulamento unha regra para o caso da resolución por incumprimento culpable do contratista, que segundo o art. 113.4 da lei dá lugar á incautación da garantía e á indemnización dos danos á Administración. O regulamento engade unha precisión procedementa, no sentido de que debe adoptarse en decisión motivada trala audiencia do contratista, e fixa, ademais, os criterios que hai que ter en conta para a fixación da indemnización: o atraso que implique para a inversión proxectada e os maiores gastos que ocasione para a Administración.

\*\*\*

A primeira intervención matinal da segunda e derradeira xornada, correu a cargo de **Javier Suárez García**, avogado do Estado e director da Aseoría Xurídica da Xunta de Galicia, quen sinalou que a reforma da Lei de contratos das administracións públicas no tivo un especial impacto en Galicia, xa que ó tratarse dunha lei estatal de xeral aplicación a tódalas administracións públicas comprendidas no seu ámbito de aplicación, e son a maioría dos seus preceptos de carácter básico. Polo demais, deu unha perspectiva xeral da evolución sufrida pola normativa de contratos, que revela, segundo Javier Suárez, unha mellora das técnicas e a depuración dos procedementos, así como, xa no campo dos contratos administrativos, un fortalecemento da posición do contratista ó longo da execución.



O último relatorio das xornadas dedicouse ás novidades introducidas no réxime xurídico do contrato de xestión de servicios públicos e de subministracións, cunha especial referencia ós contratos de consultoría e asistencia e ó de servicios. Para isto contouse coa intervención de **Enrique Gómez-Reino Carnota**, catedrático de dereito administrativo da Universidade de Santiago de Compostela. A súa acreditada experiencia na contratación pública xustificaba a participación do señor Gómez-Reino Carnota.

Fixo unha sintética introducción histórica na que dixo que o círculo normativo da regulación da contratación administrativa se vén pechar agora coa aprobación, polo Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro (BOE do 26 de outubro), do Regulamento de contratos da lei de contratos das administracións públicas. Na exposición de motivos do Real decreto 1098/2001 contense unha declaración formal no sentido en que o novo regulamento non cumpre tanto unha función innovadora canto compilatoria das anteriores disposicións regulamentarias que conservaban a súa vixencia, ben por non opoñerse á LCAP e posteriormente ó TRLCAP, ben por constituí-lo desenvolvemento parcial destes. Baixo estas premisas, Gómez-Reino referiuse á concreta cuestión das limitadas novidades que a aprobación do novo texto regulamentario introduciu nos contratos de xestión de servicios públicos e de subministración.

*O contrato de xestión de servicios públicos é aquel polo que as administracións públicas lle encomendan a unha persoa, natural ou xurídica, a xestión dun servicio público, sempre que tal xestión non se realice mediante a creación dunha entidade de dereito público ou se atribúa a unha sociedade de dereito privado de capital exclusivamente público. En relación coa exclusión destes supostos de personificación, co TRLCAP produciuse unha volta á situación anterior á LCAP de 1995 ó esixirse de novo a participación da Administración ou de entes públicos dependentes dela no capital das referidas sociedades de dereito privado sexa exclusiva ou total. Esta modificación afectaralle ó réxime da sociedade de economía mixta para os casos en que a Administración, ou algún dos seus entes, participen nela.*

O contrato de xestión de servicios públicos é, na configuración legal do TRLCAP, un contrato administrativo típico, e isto significa, en primeiro lugar, que debe rexerse polas disposicións do propio texto refundido en canto á súa preparación, adxudicación, efectos e extinción, supletoriamente polas restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto ou no previsto por elas, polas normas de dereito privado que resulten de aplicación. En segundo lugar, a tipicidade do contrato implica a atracción á orde xurisdiccional contencioso administrativa de tódalas controversias que xurdan entre as partes. A esencia institucional do contrato radica no feito de que a prestación do servicio debe facerse de xeito

continuo e regular durante o tempo pactado, sen que o obxecto contractual se esgote na actividade do contratista senón que, vencido o prazo do contrato concreto, o servizo seguirá a ser prestado polo outro ou o mesmo contratista ou pola Administración directamente (STS do 18 de outubro de 1994).

Unha primeira lectura do texto regulamentario en canto á xestión de servizos públicos parece chama-la atención acerca do que suporía unha alteración substancial das coordenadas ata agora habituais: trátase da non meción da *concesión* como modalidade da xestión indirecta dos servizos públicos (art. 156 a do TRLCAP). Aínda que esta omisión responde máis ben a unha sistemática deficiente que a un *animus* deliberado de residencia-la regulación desta modalidade concesional fóra do regulamento.

En canto á modalidade de contratación por *xestión interesada*, é dicir, a que implica a coparticipación da Administración e o empresario nos resultados da explotación do servizo, o art. 180 do novo Regulamento alude á posibilidade de establecemento dun ingreso mínimo a favor de calquera das partes asociadas, que abonará a outra parte, cando o resultado da explotación non alcance a cubrir un determinado importe de beneficios. Non se trata dunha novidade pois xa se incluía no art. 204 do anterior Regulamento de contratos.

No que se refire á modalidade de *concerto*, o art. 181 do novo regulamento sinala que se utilizará naqueles supostos nos que para o desempeño ou maior eficacia dun servizo público lle conveña á Administración contrata-la actividade privada de particulares que teña análogo contido ó do respectivo servizo. A principal novidade que se observa é a desaparición do prazo máximo de duración destes contratos que era de oito anos con carácter xeral, tal como se contemplaba no anterior regulamento (art. 205). Na actualidade o recurso ó concerto non coñece máis límites temporais cós xenéricos de cincuenta, vintecinco e dez anos (art.157 TRLCAP).

Pasando xa á modalidade de xestión a través de *sociedade de economía mixta*, é preciso sinalar que a novidade radica na desaparición da anterior esixencia de que, con carácter xeral, a participación pública deba ser maioritaria. Na hora actual non resulta xa inherente á figura esta participación pública maioritaria e, cando é exclusiva, implica a exclusión do réxime do contrato de xestión de servizos públicos, tal como establece o art. 154.2º TRLCAP. Tamén desapareceron as previsións explícitas referentes ás esixencias de publicidade e concorrencia das achegas privadas de capital ás sociedades deste tipo con promoción de iniciativa pública.

Unha novidade importante introdúcese co art. 185 do regulamento que vén así a enche-lo baleiro normativo producido polo feito de que o art. 155.5º TRLCAP declaraba a non aplicabilidade de, entre outros, o art. 110 do mesmo texto ás modalidades contractuais de xestión de servi-

cios públicos. Para este suposto, o novo art. 185 do regulamento dispón que «a recepción das obras de conservación, reparación ou acondicionamento que se realicen con interrupcións do servizo público ou adopción de medidas temporais de adecuación do seu funcionamento, pero sen a súa suspensión, efectuaranse unha vez que se restablecera a prestación normal do servizo». Deste xeito adáptanse ás peculiaridades deste contrato unhas previsións, as da recepción das obras executadas, que non se compadecen ben coa natureza dinámica e permanente do obxecto contractual da xestión de servizos públicos, ó tempo que se asegura a continuidade que lle é inherente.

Por último, o regulamento reitera a regra xa prevista no anterior texto de que, no suposto de intervención do servizo o órgano de contratación que adxudicara o contrato nomeará o funcionario ou funcionarios que deban desempeñar as funcións interventoras e decisións ás que deberá someterse o contratista durante a intervención (art.186). A matización ten relevancia naqueles supostos en que a contratación se someta á aprobación de órgano distinto do que contrata de acordo co establecido no art.12 TRLCAP.

Respecto ó contrato de subministración o TRLCAP dedícalle o título III do libro II que contén as importantes modificacións introducidas pola normativa comunitaria, en especial pola Directiva 93/36/CEE do Consello, sobre a coordinación dos procedementos de adxudicación dos contratos públicos de subministración, modificada, á súa vez, pola directiva 97/52/CE do Parlamento e do Consello.

Na nova normativa, coma na anterior, o contrato de subministración constitúe un heteroxéneo conglomerado de figuras negociais cun único denominador, o de recaer sobre bens mobles. A súa definición aparece no art. 171 TRLCAP, e estende o réxime do contrato de subministración ás adquisicións de bens semoventes, de xeito que quedan sometidas ás disposicións do TRLCAP e do propio regulamento sen prexuízo das previsións contidas en normas especiais na medida en que non contradigan aquelas (art.188).

O regulamento contén as regras para a determinación da contía destes contratos, o cal é funcional para a aplicación das regras sobre publicidade, procedementos e formas de adxudicación, modificación contractual, etc.

Con todo, alí onde o novo regulamento mostra a súa vertente máis claramente innovadora en relación cos contratos de subministración é no desenvolvemento do contido e procedemento de contratación para a adquisición de equipos e sistemas para o tratamento da información e para a adquisición centralizada de bens de utilización común. Ámbalas dúas cuestións ocupan o capítulo II do título III do libro II do Real decreto 1098/2001.

En relación cos contratos para a *adquisición de equipos e sistemas informáticos*, o regulamento fai un tratamento conxunto, como contrato de subministración, da adquisición dos bens e do seu mantemento. Así, somete o mantemento ó mesmo réxime que o ben sobre o que se proxecta (arts. 190.2º e 3º). Pola súa parte, a esixencia dun conxunto de cláusulas diferenciado para cada tipo de prestación pode servir para salvar as dificultades que pode presentar a regularidade dunha contratación na que a prestación supostamente accesoria (o mantemento) pode ter un peso económico maior que a propia adquisición do ben (prestación principal).

No que se refire ós contratos para a *adquisición centralizada de bens declarados de utilización común*, o art. 193 do regulamento efectúa o desenvolvemento do art. 183 TRLCAP, o cal se refire á adquisición de dous tipos de adquisicións centralizadas: a) mobiliario, material e equipo de oficina e outros bens, por unha parte (art.183.1º) e b) equipos e sistemas informáticos e os seus elementos complementarios ou auxiliares (art.183.2º), por outra parte. Ámbolos tipos de adquisicións poden efectuarse centralizadamente trala declaración do Ministerio de Facenda determinando os bens que deben adquirirse desta forma a través dunha orde que terá efecto desde a súa entrada en vigor (art.193.1º).

Convén ter en conta que, ademais dos bens ós que aludimos, tamén poden contratarse centralizadamente os servizos ós que se refire o art. 196.3º do TRLCAP segundo dispón o art.199 do dito texto.

O órgano competente para a contratación é, en calquera dos supostos a) e b) arriba descritos, a Dirección Xeral do Patrimonio do Estado seguindo o procedemento que agora se contén no regulamento e que se articula a través de dous contratos diferenciados: un que ten por obxecto a determinación do tipo de cada clase de bens e outro que ten por obxecto as concretas adquisicións.

Unha última cuestión en relación co contrato de subministración, é a que fai referencia á *fabricación de bens mobles pola Administración*, suposto do que o TRLCAP contempla dúas modalidades (art.194): ben que os bens se fabriquen polos propios medios persoais ou reais da Administración; ben que se verifique coa colaboración de empresarios particulares. Este último suposto é definido pola propia lei como un contrato administrativo pero non de subministración porque a fabricación dos bens está a cargo do órgano xestor da Administración (art.194.2º TRLCAP).

Polo demais, o regulamento efectúa agora unha remisión ás normas relativas á execución de obras pola propia Administración (art. 194 do regulamento, que remite ós arts. 173 e 178 do mesmo texto). O recurso ó procedemento negociado para a adxudicación destes contratos só pode darse nos supostos legalmente establecidos (neste caso, os contemplados nos arts. 181 e 182 TRLCAP).

Gómez-Reino Carnota rematou a súa intervención cunha breve referencia ós *contratos de consultoría á asistencia e ó contrato de servizos*.

Estes contratos, que a vella Lei de contratos do Estado chamaba *contratos de estudos e servizos* e que se rexían polo Decreto 1005/1974, do 4 de abril (xenericamente recibían a denominación nesta norma de *contratos de asistencias*), ocupan agora o título IV do libro II do TRLCAP e o seu desenvolvemento regulamentario contense no título IV do libro II do Real decreto 1098/2001.

As principais modificacións do réxime de contratos derivan da mencionada Lei 53/1999, de modificación da LCAP e antecedente inmediato do texto refundido de 2000. O TRLCAP incorporou estas modificacións, e deben considerarse vixentes, no que non se lle opoñan, as disposicións regulamentarias que viñan regulando estes contratos, en concreto o Decreto 1005/1974. Este é expresamente derogado polo Regulamento 1098/2001 (disposición única 2.c)).

En todos estes contratos ten unha importancia especial o establecemento do sistema para a determinación do prezo, extremo que debe incluírse no prego de cláusulas administrativas particulares (art.202 TRLCAP). O art. 197 contén as definicións do que debe entenderse por cada un destes elementos. Dada a natureza das prestacións que constitúen o obxecto destes contratos, presentan particular interese as regras para a valoración da execución dos traballos que serven de base para a expedición das certificacións para o seu aboamento (art.199 do regulamento).

\*\*\*

Non resta máis que felicitar ós intervinientes e público en xeral pola excelente acollida destas xornadas e que permitiron celebra-lo seu éxito, así como destaca-la importancia destes fructíferos encontros que achegan o mundo académico e o profesional. A necesidade de intercambio e contraste a que responden estas xornadas séntese con particular intensidade no dereito administrativo e, especialmente, no ámbito dos contratos públicos, sector onde pugnan e entran en conflito de xeito paradigmático os principios de eficacia e de obxectividade no servizo dos intereses xerais pola Administración pública. 